



ESP
Servizos
Públicos

GALICIA

Informa-t

INCREMENTO DA DEDUCCIÓN POR MATERNIDADE POR GASTOS DE CUSTODIA DAS/DOS FILLAS/FILLOS MENORES DE 3 ANOS EN GARDERÍAS E CENTROS DE ENSINO INFANTIL AUTORIZADOS

En que consiste este incremento e quen pode acollerse ao mesmo?

As mulleres con fillos menores de 3 anos con dereito a aplicación do mínimo por descendentes que realicen unha actividade por conta propia ou allea poderán minorar a cuota diferencial do seu IRPF ata en 1000 euros anuais por cada fillo menor de 3 anos que cause gastos de custodia en garderías ou centros de ensino infantil autorizados.

➤ **Que gastos se consideran de custodia en garderías ou centros ensino infantil autorizados?**

Os que se abonen pola inscrición e matrícula, asistencia, en horario xeral e ampliado así como a alimentación, sempre que se producirán por meses completos.

Neste caso consideraranse tanto o importe pagado pola nai, polo outro proxenitor, tutor ou acolledor.

Non se terán en conta as cantidades abonadas pola empresa na que traballan a nai, o pai, tutor ou acolledor do/dos menor/menores nin as cantidades subvencionadas á gardería ou centro de ensino infantil.

➤ **Quen ten a obriga de presentar a declaración informativa no modelo 233?**

Esta declaración debe presentala, exclusivamente, a gardería ou centro de ensino infantil autorizado. En ningún caso deben presentalo as nais, pais ou tutores.

A gardería ou centro de ensino infantil autorizado deberá presentar unha declaración informativa – modelo 233- sobre os menores e os gastos que dan dereito á aplicación do incremento da deducción por maternidade.

➤ **Prazo de presentación do modelo 233?**

O prazo de presentación será o mes de xaneiro de cada ano, agás con carácter excepcional para o exercicio 2018, que será o comprendido entre o 1 de xaneiro e o 15 de febreiro de 2019.

➤ **Cómpre presentar algún xustificante á gardería ou centro de ensino infantil autorizado?**

Non. So cómpre que a gardería ou centro presenten correctamente o modelo 233.

IMPORTANTE: PREGUNTAR NA GARDERÍA OU CENTRO DE ENSINO AUTORIZADO SE A PRESENTARON OU LEMBRARLLES QUE A DEBEN PRESENTAR ANTES DO 15 DE FEBREIRO